

Camilo F. Valdehorras: "Queremos visibilizar as galegas e os galegos que se atopan espallados polos cinco continentes"

Camilo F. Valdehorras (O Barco, 1959) presenta esta sexta feira en Compostela, xunto a Antón Escuredo e Uxío Meis, o novo número da revista reNova Galiza, no auditorio do Museo do Pobo Galego, Compostela. A revista, editada polo Foro Cívico Galego de Barcelona, reivindica unha Galiza consciente de si e global. Afonda nesta nova entrega en temáticas como a diáspora ou os diálogos nacionais contemporáneos.

Sergio Casal

15 de decembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/camilo-f-valde/20251215203323242257.html>

—Cal é o obxectivo de reNova Galiza desde a súa creación?

Que se lea, que illustre, que cree reflexión e debate, que galeguice, que forme cidadanía ética. Polo tanto, que se merque, eh! Que se merque a oito! Pois este número 7 triplo é un produto editorial valioso. Pero tamén custoso. Sufragado sen subvencións públicas. Só cos aforros do grupo de acción sociocultural que o edita: o Foro Cívico Galego de Barcelona, que hogano cumpre 25 anos. Trátase dunha revista en forma de libro multiautor. Enteiramente a cor, de 368 páxinas de contido intelectual rigoroso e ameno. Escrita en tres idiomas (galego, catalán e español). Na que participan máis de 80 colaboradores residentes en Galiza, en Catalunya, en España, en Europa e en América...

Outrosí, sendo moitos os obxectivos ou fitos, arduos e maravillosos, non é cousa de mentalos aquí como nunha carta ao Apalpador ou a Santa Klaus, non si?... Sabendo que os nosos obxectivos non se cumprirán por arte de maxia, coma os deles, cifrámoslos en un, ben modesto: achegar á sociedade pensamento ético e crítico a prol do que a revista proclama na súa cabeceira: renovar Galiza.

Axudar a refundar a actual "Galicia" española, sobre os alicerces da "Grande Obra", en marcha dende a proclama de Antolín Faraldo na revolta de 1846. Servir de inspiración para trocar esa Galicia que el chamaba -hai preto de 180 anos!- "colonia de la Corte", "arrabaldo do norte" de España, no centro axial de si mesma: velaí a "Galiza galega" (si, con desinencia -za e sen pleonasma). A "Galiza", ollo, con -za, así nomeada polos mestres rexurdimentistas, Castelao e Otero Pedrayo á fronte. Que iso é unha utopía arestora? Seroa, pero arreo en transo histórico de devir realidade vital maioritaria.

En antítese coa "Galicia"; entangarañada, desnortada, colonizada, alienada que nos desgusta e se enmascara. A prol da "Galiza global xenuína", democrática, anticaciquil e antisectaria. Consciente do seu ser e do seu destino. Dona de si e solidaria. Con raíces fértiles abertas á súa universalidade, que é a que nos ilusiona.

—A diáspora galega no mundo e na Galiza ten un gran peso no novo número. Que poderemos atopar sobre esta cuestión?

Eis o cerne da deboura dos contidos da nosa colección de revistas, xa sete ata a data. E o rodicio sobre o que pivota o dossier galego de 200 páxinas deste número. Titulado: *Alerta! Diaspóricos e Diaspóricas: os outros estranxeiros??*. É dicir, acaso son o mesmo para os íncolas da actual Galicia os diaspóricos que os turistas ou os inmigrantes que os descendentes de galegos retornados?

Coordenado polo historiador e xornalista Antón F. Escuredo, nel participa un fado de 40 expertos, pescudadores académicos do país e profesionais residentes fóra, que asedian preguntas identitarias desafiantes como esa sobre a "Galiza global". Pero que é tal cousa? Hoxe, en verdade, unha fantasma. Porque para dar unha resposta certa precisamos antes xeolocalizarnos, contarnos, interrogarnos e... iso non está (ben) feito. Iso é o que queremos axudar a facer, visibilizar e valorizar: deitar luz sobre os diaspóricos e as diaspóricas que se atopan espallados polos cinco continentes e nos cinco océanos do planeta.

Por iso este número arranca cunha infografía cuxos datos estatísticos oficiais abraian pola súa contundencia esmagadora: case un terzo da poboación galega nativa, uns 870.000 galegos e galegas censados, vive expatriada en máis de 160 Estados dos 194 que recoñece a ONU. El que facemos dende o País con tanta riqueza e diversidade humana de galegos e de galegas "que andan polo mundo", dito en expresión castelaoiana?

—A presentación da revista en Compostela terá unha ofrenda verbal a Castelao. De que forma é Castelao protagonista da publicación?

De moitas formas. E de cheo espírito. Comezando polo propio nome, reNova Galiza (así, con prefixo en minúscula). Unha publicación que rende memoria expresa a unha cabeceira insigne da hemerografía galega no Exterior: o Boletín Nova Galiza, fundado e dirixido por Castelao e Dieste, e logo por Carme Muñoz, en Barcelona entre 1937 e 1938. E proseguindo pola sección titulada "Sempre en Castelao", central do Caderno Conmemorativo dos primeiros 25 anos do Foro Cívico Galego, que tamén se edita. Un ramallo polipétalo de artigos cos que se alumea a vida, a obra, o patrimonio familiar e o valioso ronsel barcelonés do rianxeiro e a súa dona.

Cun artigo de Perfecto Conde sobre o estrago en que se atopa a casa natal de Castelao en Rianxo; coa proposta do Partido Galeguista e demais organizacións de Bos Ares de nomear Castelao presidente simbólico da Autonomía de Galicia (proposta fallida e fanada pola actual maioría parlamentaria do Partido Popular); e cunha ampla e ilustrada reportaxe miña, na que documento -por primeira vez- xunto cos lugares da memoria do Galeguismo de preguerra en Barcelona, os espazos vitais de residencia de Virxinia e Daniel Castelao nos case 9 meses (entre 1937 e 1938) de estadias intermitentes na capital de Catalunya.

Velaí a nosa coroa de letras para a "Ofrenda Verbal" que faremos o día 19 de decembro no Panteón de Galegos e Galegas Ilustres de Bonaval de Compostela, aos pés do sartego do noso mentor. Como limiar ao acto de presentación pública da revista no Museo do Pobo Galego e en cordial homenaxe ao 75 aniversario do seu pasamento.

—Alén do dossier galego, a revista inclúe outro sobre a situación de Catalunya e do catalán após o Procés. Mudou moito a situación?

Completa este número, en efecto, o segundo dossier titulado “Progrés i procés. Envers una Catalunya sobirana del benestar” (que coído que se entende sen traducir). Cen páxinas en catalán (con resumos en galego), obra de vinte expertos en cadansúa área sobre a hora actual da vida do país dos cataláns.

Si, sempre en mudanza e en vangarda a prol dos seus lexítimos dereitos nacionais e sociais. Coordinado polos politólogos galegos Silvio Falcón e Uxío Meis, o dossier achega unha reflexión transversal que ofrecemos dende unha perspectiva dobremente autocentrada. A nosa, como membros da comunidade galega residente en Catalunya. Da que tamén nos sentimos parte como cidadáns, e membros do FCG de Barcelona.

E dende a voz dos seus propios protagonistas. Intelectuais e profesionais relevantes á fronte de institucións da sociedade civil (como Isona Passola, do Ateneu Barcelonès; Sebastià Portell, presidente da AELC). E de renome internacional como Lluís Llach (presidente da Asemblea Nacional), Xavier Antich (presidente de Òmnium Cultural) ou o conseller de Política Lingüística do goberno da Generalitat, Francesc Xavier Vila...